



“ 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES”

CONCELLO
DE VIGO



www.igualdadevigo.org



Consello Municipal
da Muller

Un ano máis, e con motivo da conmemoración do día 8 de marzo, *Día Internacional das Mulleres*, organizamos un ciclo de cine infantil que proxectaremos no VERBUM-CASA DAS PALABRAS durante 3 domingos do mes de marzo. Son 3 filmes dirixidos ao público infantil nos que o papel protagonista, e polo tanto activo no guión, interprétao unha nena ou un grupo equitativo de rapaces e rapazas.

Os filmes que se proxectan non están tampouco exentos de estereotipos de xénero que animaremos a identificar coas actividades que lle proporemos ás nenas e ós nenos alí presentes.

DOMINGO 6, 13 e 20 de marzo, ás 12:00 h

VERBUM-CASA DAS PALABRAS

Avenida de Samil, 17

Entrada libre e gratuíta ata completar as localidades

**A organización, resérvase o dereito de modificar o programa establecido.*

Domingo, 6 de marzo ás 12:00 h

“A MONTAÑA MÁXICA”



Ano: 2009

Duración: 83 minutos

Dirección: Katarina Launing, Roar Uthaug

País: Noruega

Xénero: familiar, aventuras, fantasía

Para o público infantil de todas as idades

SINOPSE: a princesa Bluerose é unha pequena gнома que vive nas montañas. Alí, unha comunidade de gnom@s encárgase de controlar o paso da noite ao día grazas á prata máxica que posúen. Un día, un grupo de gnom@s e humanos/as rouban a prata, condenando así ao mundo a vivir en penumbra para sempre. A princesa Bluerose embárcase nunha increíble misión para recuperar a prezada prata.

Domingo, 13 de marzo ás 12:00 h

“ FROZEN: O REINO DO XEO”



Ano: 2013

Duración: 103 minutos

Dirección: Jennifer Lee e Chris Buck

País: Estados Unidos

Xénero: animación, aventuras

Para o público infantil de todas as idades

SINOPSE: cando unha profecía condena a un reino a vivir un inverno eterno, Anna, Kristoff e o reno Sven emprenden unha viaxe épica en busca de Elsa, irmá de Anna e Raiña das Neves, para por fin ao xélido feitizo. Polo camiño atoparanse con duendes e con Olaf, un divertido muñeco de neve (*Adaptación libre do conto “A raiña das neves”*).

Domingo, 20 de marzo ás 12:00 h

“ HOME: FOGAR, DOCE FOGAR”



Ano: 2015

Duración: 94 minutos

Dirección: Tim Johnson

País: Estados Unidos

Xénero: animación, comedia infantil

Para o público infantil de todas as idades

SINOPSE: Os Boov, unha raza alienígena na procura dun lugar ao que chamar fogar, toman a Terra e realocizan a todos os humanos/as. Tip, unha adolescente moi resolta e testana, logra non ser capturada e forma equipo con Oh, o alienígena máis irritable e optimista da galaxia. Tip e Oh terán que fuxir e acabarán salvando o planeta.